



Anuncio polo que se dá publicidade á formalización do contrato correspondente ao expediente A. 02/13

En cumprimento do disposto polo art. 154.1 do texto refundido da Lei de contratos do sector público, aprobado polo Real Decreto Lexislativo 3/2011, de 14 de novembro (TRLCSP), mediante o presente faise pública a formalización do seguinte contrato:

1. Entidade adxudicataria:

- a. Organismo: Consorcio Provincial contra Incendios e Salvamento da Coruña.
- b. Órgano de contratación: Presidencia.
- c. Aprobación do expediente: 16 de xaneiro de 2013.
- d. Número de expediente: A. 02/13.
- e. Dependencia que tramita o expediente: Secretaría

2. Obxecto do contrato:

- a. Tipo de contrato: servizos (art. 10 TRLCSP).
- b. Descrición: servizo de limpeza para do edificio da sede administrativa do Consorcio Provincial contra Incendios e Salvamento da Coruña.
- c. Codificación CPV, cualificación CPA e categoría Anexo II TRLCSP: CPV 90911200-8; CPA N.81.2; Categoría 14.
- d. Lugar de prestación: edificio da sede administrativa do Consorcio (rúa do Bronce, parcela G2. Polígono Industrial de Bertoa. Carballo, provincia da Coruña)
- e. Prazo do contrato: dous anos prorrogables por dous anos máis.

3. Tramitación, procedemento, criterios de negociación:

- a. Tramitación: ordinaria
- b. Procedemento: negociado.
- c. Publicidade: Non, xustificado en que o valor estimado do contrato, con previsión da prórroga incluída é inferior ao límite establecido polo art. 177.2 TRLCSP.
- d. Criterios de negociación: menor prezo sobre o de licitación e melloras do servizo sobre as establecidas no Prego das prescricións técnicas.

4. Presuposto de licitación:

- a. Anual de 9.120,00€ (nove mil cento vinte euros) máis o IVE.
- b. Revisión de prezos: Para o 3º e 4º anos (igual en ambos), caso de prórroga, en función do IPC do 2º ano, (en máis ou en menos).

5. Importe da adxudicación:

- a. Anual de 9.000,00€ (nove mil euros), máis a partida que corresponde ao IVE.

6. Adxudicación do contrato:

- a. Data da adxudicación: 25 de febreiro de 2013.
- b. Adxudicatario: Alberto López Vázquez, empresario autónomo ("Limpiezas La Unión")
- c. Notificación da adxudicación: 25 de febreiro de 2013.
- d. Data límite para a formalización do contrato: 14 de marzo de 2013.

7. Formalización do contrato:

- a. Data de formalización do contrato: 01 de marzo de 2013.
- b. Contratista: Alberto López Vázquez, empresario autónomo ("Limpiezas La Unión")

Carballo, 05 de marzo de 2013.-

O presidente: D. Santiago Villanueva Álvarez

